

0 GRUPO

*As flies to wanton boys are we to th'gods,
They kill us for their sport¹.*

¹ *Como moscas nas mans dun cativo burlento,
os deuses mátannos para se divertir.*

I.

I.

Algúns xa se ven fóra e outros pensan quedar.

2.

Os que pensan quedar están a punto de ser expulsados.

3.

A partida é caótica.

Comezou un cento de veces, con regras diferentes
cada vez.

4.

O sistema non salvará nin aos mellores nin aos peores.
Non impondrá a forza, senón a resistencia.

5.

Loitamos contra quen vai tomar a decisión, pero a xente do grupo desconfía.

6.

Eu sei perfectamente quen desconfía de min.

7.


Non merezo a confianza.

(Onde non hai xustiza non hai xustos.)

8.

A desgraza é cativa.

«O que antes era fermoso hoxe é inútil».



9.

Búscome na mirada dos demais.

Que pasará cando ninguén me mire?

10.

Leo o pánico nos ollos do director.

Leo o pánico nos ollos de quen non me defende.

II.

Os poderosos triunfan cando pasan as mans sobre a superficie do mundo e atopan suavidade onde deberan perder as mans.

12.

Se marchó, serei derrotada.

Se quedo, serei cómplice.

13.

A partir de agora serei estranxeira entre os cidadáns,
ruína entre as murallas.

II.

I.

A xente é educada. Interésanse polo meu problema como se fose posible distinguir entre o meu problema e o que son.

Para me defender fago comentarios inoportunos, bromas que poñen de relevo o desagradables que son as persoas, o desagradable que é o mundo.

Aínda así, son amables.

Eu vólvome impaciente coa estupidez dos outros pero eles son pacientes coa miña estupidez.

2.

Quedo na casa de Irma.

A outra noite falamos sobre a xustiza e a rabia.

Sería o mundo máis xusto se a cólera triunfase?

3.

«Ninguén dixo que a verdade sería fermosa. Ninguén dixo que a verdade sería fácil».

4.

Irma acompañame a coller o autobús.

Cando saímos do piso, terma do meu bolso para que poida baixar mellor os banzos.

Leo a mensaxe que pendurou da porta da escaleira.

Son instrucións sobre asuntos domésticos, pero ela tradúceas ao francés e a min parécenme cartas.

5.

Coas bolsas do supermercado nas dúas mans, os veciños entran e saen do edificio. Non é posible saber de onde veñen nin que pensan de nós.

6.

Admiro o brilho dourado do cabelo de Irma. Admiro a
sua inteligência e a sua lealdade ao que considera
verdadeiro.

7.

Paseando con Margarita por Barcelona, tiven unha visión.

Imaxinei que eramos asalariadas do século XIX. Dúas mulleres sen propiedade e sen clase, coa amabilidade e a furia vivas no corazón.

8.

Na praza na que antonte voaban os *skaters*, agora hai papelinas e hachís.

Unha xitana baila entre gardas xurados.

Leva na man a chaqueta, que está sucia e gastada e non é súa.

Tíraa no chan con forza e volve erguela.

9.

Eu penso: «non son rápida; a miña ira só produce escritura, cousas de aire que case ninguén quererá soste entre as súas mans».

10.

Prendo a radio e escoito: «Só a violencia axuda onde a violencia reina».

Pero a violencia non ten nada que ver coa redención (o terror non é un túnel, do terror ninguén pode saír e entrar).

O único que aprendín é que non hai saída.

Cando todo se pon realmente escuro, nin tan sequera podes confiar na túa rabia.

III.

I.

Na primeira edición das *Obras completas* de Rosalía de Castro, Manuel Murguía suprimiu a man certas pasaxes. Da novela *Ruínas* tacha, entre outros, o seguinte fragmento:

[...] pues mi inteligencia no crecería más con haber penetrado como muchos otros en la gran Universidad compostelana. Infinitos conozco que han oído allí en vano por largos años pomposos discursos, saliendo tan torpes al fin de su carrera literaria como si jamás hubiese llegado hasta ellos una sola palabra de ciencia [...]

2.

Catherine Davies non cre que Rosalía fose unha muller triste.

3.

«Penso que era unha muller furiosa, unha muller
chea de ira reprimida».

4.

Tento non esquecer estas palabras.

Loito contra a mesura que aprendín nestes anos de
esforzo e disciplina.

5.

Será ese o valor do meu soldo?

Será ese o valor das persoas que din: «mercamos outra casa» ou «por que non tes fillos»?

6.

O diñeiro só existe para algúns.

7.

Os posuidores teñen impulsos e os desposuídos
teñen medo.

8.

Pero equivale a escritura á dignidade?

Ou será este un camiño de falsa salvación, como a
violencia?

IV.

I.

Teño unha antagonista e unha aliada.

2.

A antagonista pensa que está fóra.

Di «ou todos ou ninguén» pero quere dicir «ninguén
ou eu».

3.

Repite: «temos que estar unidos», «non podemos perder a dignidade».

Eu, por dentro, respondo: «a miña dignidade non cabe na túa boca; cando pides a unión estasnos dividindo».

4.

A aliada comprende a situación.

5.


Eu sei ler entre linhas.

6.

Como un can de presa, vento o engano.

7.

O único que importa, nunha conversa, é o que se nos
escapa.



8.

Na reunión alguén fala da fin do meu contrato.
(Falan de min como se xa estivese morta).

9.

Ningún nos representa:

10.

«A cadea tronzou polo elo máis feble»

II.

A súa forza non nos volveu grandes.

A súa ruindade non nos volveu nobres.

12.

O director enumera as súas prioridades. Estamos entre as súas prioridades.

Véxoo no corredor e dime: «fixéstelo todo ben, tedes que estar tranquilos porque xa non podedes facer nada».

13.

Nun café da Praza de Vigo, a poucos metros da casa onde naceu Rosalía², converso con Arturo.

El non sabe que cando tiña dezasete anos, na mesma mesa na que estamos sentados, tentei deixar a un home.

Non sabe que ese home me perseguiu durante un ano. Que collía o coche de madrugada e quedaba toda a noite fumando diante do meu portal.

Que me chamaba todos os días dende unha cabina telefónica e repetía, seguramente en serio, que a vida non tería sentido se eu o abandonaba.

2 «María Teresa deu a luz a Rosalía nunha casa que, segundo Murguía, pertencía á familia de Antonio Romero Ortiz, un republicano que había participar no levantamento de 1846». Catherine Davies. *Rosalía de Castro no seu tempo*. Vigo: Galaxia, 1987, p. 40.

14.


Nunca pensei que a morte daría destruído a tantos.

15.

Quedamos encerradas no exterior.

16.

No medio da soidade, estamos soas.



A Sabela Labraña

BARCELONA, NOVIEMBRE DE 2011